O capitalismo non entende de saúde, só de beneficios

En tempos de calma social, cando as contradicións entre os traballadores e a burguesía semella difusa, os diferentes servizos que ofrecen distintas empresas de carácter privado poden parecer ata unha bendición e case motivados pola busca dun mundo mellor. Sen embargo, a realidade é que a propiedade privada dos medios de produción baséase fundamentalmente na satisfacción de necesidades (reais ou ficticias) a cambio de beneficio. É dicir que se, por exemplo, a produción de electricidade nos nosos fogares non fose de ningún xeito rendible, ningún de nós tería acceso a esa enerxía indispensable para o día a día.

No caso daqueles servizos que son públicos, que non son máis que institucións (educación, sanidade, saneamento…) que foron conquistadas a través da loita obreira para a súa regularización estatal, o obxectivo é minimizar os gastos e, progresivamente, a súa privatización. Para que isto último aconteza, precísase dun movemento obreiro débil, o cal se consigue a través da desmobilización provocada pola represión e a ilusión que xera a socialdemocracia.

Un exemplo perfecto de recortes de servizos públicos é o do Servizo Galego de Sanidade (Sergas). Se realizamos un seguimento do presuposto co que contaba a Sanidade Galega nos últimos 12 anos, vemos que durante os peores anos da crise do 2008 recortáronse máis de 1000 millóns de euros. A isto debémoslle a alta temporalidade pola que pasan no día de hoxe os traballadores sanitarios, que chegan a ter contratos de dúas horas e encadear esta situación durante anos. Isto provoca peche de plantas en hospitais e falta de recursos, coa consecuente baixada da calidade do servizo, provocando incluso

mortes de pacientes que esperan en Urxencias. Mortes que non son máis que asasinatos do capitalismo encubertos.

No mesmo ámbito, sen embargo, a sanidade privada aproveitase desta debilidade estrutural e aumenta a súa presenza. Así, danse as derivacións de pacientes de hospitais públicos a hospitais privados e os concertos á sanidade privada con diñeiro público, o que leva a unha progresiva privatización, directa ou indirecta, do dereito a unha sanidade gratuíta.

Outro caso, que se está vendo con máis claridade a día de hoxe, é o das residencias de anciáns. A 3 de maio de 2020, rexístranse en Galiza máis de 560 mortes relacionadas co COVID-19, das cales unhas 237 (un 42’32% do total) son de usuarios de xeriátricos. Nin que dicir ten que a chegada do Coronavirus só é a punta iceberg.

Unha mostra perfecta é o acontecido durante anos nas residencias galegas propiedade de **DomusVi**, onde os empregados denunciaron roubo de días libres, falta de persoal e a ausencia de médicos ou enfermeiros en turmas de noite. Ademais, e como enésimo exemplo de como o público no capitalismo só beneficia á xestión privada, dúas das residencias desta empresa privada foron intervidas pola Xunta, actualmente presidida por Alberto Núñez Feijóo. Isto é, con diñeiro público abasteceron a residencias privadas de persoal sanitaria e material. Cabe destacar que estas accións teñen o beneplácito do “goberno máis progresista da historia”, o cal permite realizar este tipo de intervencións grazas á Orden SND/275/2020, de 23 de marzo. A dereita e esquerda do sistema teñen un punto en común: o capital.

Nun sistema criminal como o capitalismo, os anciáns que sufriron a Guerra Civil contra os fascistas, que viviron as penurias do franquismo, a emigración forzosa e a farsa da

Transición seguen recibindo o que só pode xerar a propiedade privada dos medios de produción: miseria e morte. Para que isto mude, as consignas baleiras pola “defensa do público” que fai o oportunismo son totalmente inútiles, posto que vemos que o público segue beneficiando á iniciativa privada. É necesario, entón, a mudanza do sistema social-económico a un no que os traballadores, que denuncian cada día as súas condicións deplorables como fixeron as empregadas de DomusVi, sexan os verdadeiros donos e xestores de todo o que producen. De aí a necesidade da Fronte Única do Pobo como órgano do proletariado, campesiños, estudantes, xubilados, parados e amas de casa para a Revolución Socialista. De aí a necesidade do Partido Comunista Obreiro Español.

Contra o Capitalismo, Socialismo!

É o momento dos comunistas!

Pola Fronte Única do Pobo!

Secretaría de Propaganda do PCOE en Galiza

El capitalismo no entiende de salud, sólo de beneficios

En tiempos de calma social, cuando las contradicciones entre los trabajadores y la burguesía parecen difusas, los diferentes servicios que ofrecen distintas empresas de carácter privado pueden parecer hasta una bendición y casi motivados por la búsqueda de un mundo mejor. Sin embargo, la realidad es que la propiedad privada de los medios de producción se basa fundamentalmente en la satisfacción de necesidades (reales o ficticias) a cambio de beneficio. Es decir que si, por ejemplo, la producción de electricidad en

nuestros hogares no fuese de ninguna manera rentable, ninguno de nosotros tendría acceso a esa energía indispensable para el día a día.

En el caso de aquellos servicios que son públicos, que no son más que instituciones (educación, sanidad, saneamiento…) que fueron conquistadas a través de la lucha obrera para su regularización estatal, el objetivo es minimizar los gastos y, progresivamente, su privatización. Para que esto último suceda, se necesita un movimiento obrero débil, el cual se consigue a través de la desmovilización provocada por la represión y la ilusión que genera la socialdemocracia.

Un ejemplo perfecto de estos recortes de servicios públicos es el del Servicio Gallego de Sanidad (Sergas). Si realizamos un seguimiento del presupuesto con el que contaba la Sanidad Gallega en los últimos 12 años, vemos que durante los peores años de la crisis del 2008 se recortaron más de 1000 millones de euros. A esto le debemos la alta temporalidad por la que pasan a día de hoy los trabajadores sanitarios, que llegan a tener contratos de dos horas y encadenar esta situación durante años. Esto provoca el cierre de plantas en hospitales y la falta de recursos, con la consecuente bajada de la calidad del servicio, provocando incluso muertes de pacientes que esperan en Urgencias. Muertes que no son más que asesinatos del capitalismo encubiertos.

En el mismo ámbito, sin embargo, la sanidad privada se aprovecha de esta debilidad estructural y aumenta su presencia. Así, se dan las derivaciones de pacientes de hospitales públicos a hospitales privados y los convenios a la sanidad privada con dinero público, lo que lleva a una progresiva privatización, directa o indirecta, del derecho a una sanidad gratuita.

Otro caso, que se está viendo con más claridad a día de hoy, es el de las residencias de ancianos. A 3 de mayo de 2020, se registran en Galicia más de 560 muertes relacionadas con el COVID-19, de las cuales 237 (un 42,32% del total) son usuarios de geriátricos. No hace falta decir que la llegada del Coronavirus sólo es la punta del iceberg.

Una muestra perfecta es lo sucedido durante años en las residencias gallegas propiedad de **DomusVi**, donde los empleados denunciaron el robo de días libres, falta de personal y la ausencia de médicos o enfermeros en turnos de noche. Además, y como enésimo ejemplo de cómo lo público en el capitalismo sólo beneficia a la gestión privada, fueron intervenidas por la Xunta, actualmente presidida por Alberto Núñez Feijóo. Esto es, con dinero público abastecieron a residencias privadas de personal sanitario y material. Cabe destacar que estas acciones tienen el beneplácito del "gobierno más progresista de la historia", el cual permite realizar este tipo de intervenciones gracias a la Orden SND/275/2020, de 23 de marzo. La derecha y la izquierda del sistema tienen un punto en común: el capital.

En un sistema criminal como el capitalismo, los ancianos que sufrieron la Guerra Civil contra el fascismo, que vivieron las penurias del franquismo, la emigración forzosa y la farsa de la Transición, siguen recibiendo lo que sólo puede generar la propiedad privada de los medios de producción: miseria y muerte. Para que esto cambie, las consignas vacías por la "defensa de lo público" que hace el oportunismo son totalmente inútiles, puesto que vemos que lo público sigue beneficiando a la iniciativa privada. Es necesario, entonces, el cambio del sistema social-económico a uno en el que los trabajadores, que denuncian cada día sus condiciones deplorables como hicieron las empleadas de DomusVi, sean los verdaderos dueños y gestores de todo lo que producen. De ahí la necesidad del Frente Único del Pueblo como órgano del proletariado,

campesinos, estudiantes, jubilados, parados y amas de casa para la revolución socialista. De ahí la necesidad del Partido Comunista Obrero Español.

¡Contra el Capitalismo, Socialismo!

¡Es el momento de los comunistas!

¡Por el Frente Único del Pueblo!

Secretaría de Propaganda del PCOE en Galicia